





CONSIDERACIÓNS

Nestas páxinas recóllese unha selección dalgúns dos aspectos relevantes dos distintos capítulos que, máis polo miúdo, desenvólense nesta Memoria.

Ademáis, salientanse as opinións e consideracións do CES sobre os mesmos.



C1 PANORAMA ECONÓMICO

• Internacional

Cunha taxa de crecemento real do 5% no seu PIB, no ano 2010 a economía mundial superaba a recesión vivida no anterior ano. Este crecemento foi moi desigual, de menor magnitude -en torno ao 3%- nas economías avanzadas (un 2,8% nos Estados Unidos e un 3,9% no Xapón, por exemplo), e máis intenso -con taxas superiores ao 7%- nas chamadas economías emerxentes (con China e Índia á cabeza). Na maior parte das economías avanzadas, esta recuperación económica veuse favorecida pola expansión da demanda interna (tanto do consumo como do investimento), pero non logrou traducirse nunha creación neta de emprego. A isto hai que engadir a persistencia de certos desequilibrios no sistema financeiro, o incremento da débeda pública e as tensións inflacionistas nos países emerxentes e nos prezos do petróleo e das materias primas, que poderían condicionar a consolidación da recuperación en anos sucesivos.

• A Zona Euro

As economías da Zona Euro evolucionaron de xeito paralelo ás do conxunto das economías avanzadas, aínda que con menor intensidade (un crecemento medio do 1,7% do PIB en 2010) e con algunhas peculiaridades. Neste caso, existen importantes diferenzas entre países, tanto nos ritmos de crecemento como no alicerce do mesmo. Despois da xeneralizada e forte caída do PIB

rexistrada no ano anterior, en 2010 aínda persisten economías da zona Euro que presentan significativas taxas de variación negativas (contracción do 4,5% en Grecia e do 1% en Irlanda), fronte a outras que duplican a taxa media de crecemento da zona (Alemaña con máis do 3,5%). A diferenza do acontecido no conxunto das economías avanzadas, o incremento do PIB en 2010 estivo principalmente baseado na expansión do consumo e as exportacións, presentando en moitos dos casos variacións negativas na formación bruta de capital.

O CES entende que existen eivas institucionais na UE que impiden desenvolver políticas económicas de xeito coordinado no ámbito europeo, cuestión que resta efectividade as medidas adoptadas individualmente polas distintas administracións dos Estados membros.

• A economía española

De acordo cos datos do INE, e tralo forte axuste rexistrado no 2009 (cunha caída do 3,7% do PIB), a partir do segundo trimestre de 2010 a economía española iniciou un leve proceso de recuperación que lle levou practicamente a deter o retroceso no conxunto do ano (taxa

As políticas de axuste fiscal, combinadas coas restricións ao crédito, contraen a demanda interna a curto prazo e dificultan a recuperación da actividade e do emprego. O CES invita a reflexionar ate qué punto a aplicación ríxida dos criterios de consolidación fiscal (sen marxes temporais máis amplos ou sen distinción das distintas condicións de partida e características de cada administración, por exemplo) poden acabar tendo consecuencias inversas ás que se perseguen con estes instrumentos.

de variación do -0,1%). Este estancamento non logrou frear a destrución de emprego, aumentando o paro rexistrado nun 11,4%, un 9,7% en Galicia, respecto do ano anterior. En termos xerais, a evolución do PIB español foi o resultado combinado do incremento do consumo final privado, o descenso da Formación bruta de capital fixo e o comportamento positivo das exportacións. Estes resultados acadáronse nun contexto condicionado por factores diversos como: as turbulencias financeiras no ámbito da UE (crises da débeda soberana, mecanismos de rescate para Grecia e Irlanda,...) que provocaron incertezas sobre o sector financeiro e a sustentabilidade das contas públicas; polas decisións adoptadas no plano internacional sobre as medidas de consolidación fiscal (que dan prioridade aos obxectivos de redución dos déficits públicos); e polos procesos estatais de reformas estruturais nos ámbitos do sector financeiro, o sistema público de pensións e o marco laboral (reformas en moitos casos cuestionadas tanto por parte das organizacións empresariais como sindicais e que levaron á convocatoria dunha folga xeral).

A combinación de todos estes factores derivou nunha contención dos gastos das familias (precaución dos consumidores e dificultades de acceso ao crédito), un descenso do investimento empresarial (a taxa anual de variación da FBCF foi do -5,5%, tamén afectados polas dificultades de acceso ao crédito), e nun decrecemento do gasto público (caída anual do 0,9%) que, conxuntamente, frearon a demanda interna e non contribuíron á xeración de emprego. Con todo, a economía española

logrou mellorar lixeiramente os seus índices de competitividade fronte a zona euro, a UE-27 e o grupo de novos países industrializados de Asia, principalmente en termos de prezos industriais e custos laborais unitarios.

• A evolución xeral da economía galega

Tras a forte contracción rexistrada en 2009, en termos reais, o PIB da economía galega logrou acadar unha taxa de crecemento positiva do 0,1%, superior en dúas décimas á media española. A súa evolución mostra un comportamento e características moi semellantes ás do conxunto do Estado: a recuperación aparece a partir do segundo trimestre, baséase no crecemento do consumo privado, na contención do público e no comportamento neto positivo do comercio exterior. O cambio de tendencia na evolución da actividade non foi quen de mellorar a situación do mercado de traballo, incrementándose o desemprego nun 9,7% (1,7 puntos porcentuais por baixo da media española), reducíndose o número de persoas ocupadas e as afiliacións á Seguridade Social. Estes resultados estiveron condicionados polo mesmo contexto e similares factores que os xa sinalados para o conxunto de España.

O CES valora positivamente que no ano 2010 se lograse frear a contracción da actividade económica en Galicia, acadando unha taxa de crecemento real do PIB positiva. Nembargante, esta situación só será satisfactoria ate que se acaden ritmos de crecemento capaces de xerar emprego neto.

• Os agregados da oferta

O comportamento sectorial da economía galega no 2010 foi dual. Por unha banda temos o sector servizos, que representa máis do 60% do PIB interior, crecendo moderadamente (en torno ao 0,7%) pero con moita menor intensidade que no ano 2009. Por outra o resto dos sectores que, mellorando a súa situación respecto do pasado ano, só crece nas ramas primarias (un 3,1% na agrícola e o 3,5% na enerxética) e presenta aínda taxas de variación anuais negativas nos casos das ramas industriais (-0,5%) e, sobre todo, no caso da construción (-5,8%).

En relación á economía española, as ramas agrarias e pesqueiras e as de servizos (tanto de mercado como de non mercado) parecen ter máis dinamismo, crecendo a maior ritmo que as homónimas do conxunto do Estado. A economía galega tamén parece sufrir en menor medida o descenso de actividade no sector da construción. Pola contra, presenta resultados peores nos sectores enerxéticos e, sobre todo, nas ramas industriais, onde a situación dos sectores da automoción, do naval e dos vinculados á construción parecen condicionar a caída do índice de produción industrial galega fronte a leve recuperación no caso español.

• Os agregados da demanda

En relación á demanda interna, no 2010 pódese salientar a retardación da caída no consumo privado, que diminuíu un 0,4% fronte ao 1,9% no 2009. O mellor comportamento do gasto das familias aconteceu principalmente no segundo trimestre do ano (probablemente motivado polo efecto do anticipo do consumo ante a subida do IVE a primeiros de xullo), e foi perdendo intensidade a medida que avanzaba o ano, coincidindo co estancamento do gasto público propiciado polas medidas de austeridade.

Pola súa parte, os investimentos, medidos a través da formación bruta de capital fixo, segue presentando un balance negativo, con taxas de variación anuais do -6,2%, caída menor ca do ano 2009 (do 10,7%), pero cunha preocupante tendencia a medida que avanzaba o ano (do -5% no primeiro trimestre do 2010 ao -6,5% no derradeiro).

Ante a debilidade do consumo final e a inversión no 2010, o dinamismo do sector exterior foi a base sobre a que se asentou o suave melloría da economía galega. As exportacións de bens e servizos aumentaron a un ritmo moi superior ao das importacións (7,1% fronte a 2,4%), revertendo as taxas de variación negativas do 2009. Nembargante, tamén neste caso albíscanse algúns síntomas pouco alentadores a medida que avanza o ano, onde as taxas de variación das exportacións, mantendo valores positivos, mostran unha tendencia descendente (do 8,7% nos dous primeiros trimestres do ano ao 3,9% no último).

• A distribución funcional da renda, salarios e custes laborais

O incremento do PIB real do 0,1% no ano 2010, xunto coa redución dun 4% da poboación ocupada e asalariada, provocou cambios na asignación funcional da renda. Mentres o peso relativo do excedente de explotación estase mantendo en torno ao 43,5% do PIB durante os últimos anos, a remuneración dos asalariados perdeu 1,3 puntos porcentuais (do 49% no 2009 ao 47,7% do 2010), absorbidos case de forma íntegra polos impostos netos sobre a produción e a importación.

O CES cree positivo que os procesos de reforma estrutural se leven a cabo co maior consenso posible entre os axentes sociais e as Administracións Públicas. En boa medida o éxito das reformas depende da lexitimidade das mesmas e a implicación de tódalas partes. Neste senso, resulta preciso potenciar instrumentos de concertación e encontro como os Consellos Económicos e Sociais, nos que existe unha ampla representación dos principais axentes sociais.

O aumento salarial pactado en Galicia no conxunto dos sectores non primarios experimentou unha subida do 2,52%, lixeiramente por debaixo do pactado no ano anterior (3,28%), pero por riba da media do Estado (2,10%), situación que vense repetindo nos derradeiros catro anos.

Os custos laborais medios no 2010 se situaron en Galicia en 2.251 euros mensuais, o que supón un crecemento nominal anual en torno ao 2,3%, por riba do 0,4% rexistrado no conxunto do Estado. A pesar disto, nosa economía segue estando lonxe dos custos laborais medios da economía española que en 2010 son un 12,2% superiores aos galegos.

• Inflación e prezos

Despois de ter rexistrado taxas de variación negativas nos prezos, no ano 2010 a inflación da economía gale-

ga, aproximada pola taxa de variación do IPC, acadou valores positivos do 1,9% de media, tan só unha décima por riba da media española. A taxa interanual do IPC chegou ate o 3,1% en decembro de 2010 (tamén unha décima superior á media española), o valor máis elevado dende xaneiro de 2002. No que atinxe á evolución dos prezos compre salientar a forte tendencia ao encarecemento do petróleo nos mercados internacionais (o barril brent de referencia rematou 2010 un 23,2% máis caro que en 2009), e a estacionalidade da inflación subxacente en Galicia e España, que ven acadando nos derradeiros anos taxas de crecemento máximas nos meses de abril e outubro e mínimas (mesmo con valores negativos) nos de xaneiro e xullo.

Como acontece na economía española, os grupos de produtos máis inflacionistas son os de bebidas alcohólicas e tabaco, o transporte, a vivenda e o ensino. Con subidas moderadas (inferiores ao 2% anual), están os produtos do enxoval, os de hoteis, cafés e restaurantes e outros bens e servizos. E con prezos estancados ou en descenso os dos grupos de alimentos, do vestido e calzado, da medicina, das comunicacións e do ocio e cultura. Estas evolucións dos prezos, no contexto de moderada demanda, poden estar vinculadas con factores concretos como o encarecemento das materias primas nos mercados internacionais, as subidas nos impostos sobre determinados produtos (incremento do IVE ou de impostos especiais sobre o tabaco) ou o incremento dos prezos de consumo en bens e servizos regulados (gas natural, butano ou a electricidade).

O CES considera preocupante o feito de que por terceiro ano consecutivo a economía galega rexistrase unha contracción da demanda interna, especialmente grave na formación bruta de capital, o que pode condicionar as posibilidades futuras de crecemento.

• **O marco orzamentario e a recadación tributaria**

O orzamento consolidado da C.A. de Galicia para o ano 2010 foi de 11.686 millóns de euros, moi similar ao aprobado no exercicio anterior, o que representa o

20,2% do PIB galego. En termos xerais, previuse que a diminución dos gastos correntes e de capital non serían quen de compensar a forte redución dos ingresos, o que levou a contemplar no orzamento inicial unha necesidade de financiamento superior aos 1.400 millóns de euros, a cubrir pola emisión de débeda. Na execución, os ingresos non financeiros foron inferiores aos orzamentados (en uns 400 millóns de euros), pero os gastos correntes e de capital aínda baixaron máis (algo máis de 800 millóns de euros), de xeito que a necesidade de financiamento quedou en 976 millóns de euros, notablemente inferior ao inicialmente previsto.

O CES entende que contar cun sistema financeiro saneado e con vínculos na nosa economía pode ser un elemento estratéxico para facilitar que o crédito chegue ás empresas e ás familias. Neste sentido, resulta prioritario prestar atención á correcta culminación do proceso de reestruturación das entidades financeiras.

A recadación tributaria total en Galicia creceu un 22% en relación ao ano anterior, acadando unha cifra superior aos 5.300 millóns de euros. En termos absolutos destaca o incremento na recadación do IVE (en gran medida motivado polo aumento nos tipos impositivos), e do IRPF (menor volume de devolucións). En termos relativos é salientable o crecemento do 14,2% na recadación do imposto sobre sociedades fronte a diminución do 19,8% no conxunto do Estado.

• **Renda per cápita e o proceso de converxencia**

En termos de PIB per cápita, en 2010 a renda media de Galicia situouse en torno aos 19.900 euros por persoa, un 88,2% da renda media do conxunto español, que representa unhas 8 décimas por riba do rexistrado no ano anterior. En relación á Unión Europea a 27, o último ano dispoñible é de 2008, onde Galicia acadou o 89% da media europea, uns 13 puntos porcentuais máis que no ano 2000. Como ven sendo habitual dende hai anos, estes procesos de converxencia prodúcese en maior medida pola perda de peso da poboación en rela-

ción ao total ao tempo que hai certa estabilidade nas achegas relativas ao PIB.

En relación á evolución demográfica débese salientar que o número de residentes permanece case constante

pero, no ano 2010, Galicia é a segunda C.A., tras Asturias, coa taxa bruta de mortalidade máis alta e a de natalidade máis baixa, característica que pode acentuar no futuro o proceso de converxencia vía diminución poboacional. ■

C2 MERCADO DE TRABALLO E RELACIÓNS LABORAIS

• Panorama xeral do mercado de traballo en Galicia

A fragilidade e características propias do cativo nivel de crecemento da economía galega provocaron que non se trasladaran os cambios ao ámbito laboral, sendo 2010 un dos peores anos na nosa historia recente en termos de emprego. A leve recuperación da actividade económica que se deu no ano 2010 non foi quen de provocar un efecto positivo nas variables fundamentais do mercado de traballo de Galicia que, segundo o INE, en termos medios anuais acadou unha taxa de actividade do 54,6% (fronte ao 60,0% en España), unha taxa de ocupación do 46,2% (do 48,0% en España) e unha taxa de paro do 15,4% (20,1% en España).

A pesar da reforma laboral levada a cabo no ano 2010 (aprobada no Real Decreto 10/2010 e desenvolvida na Lei 35/2010, e que tiña como obxectivo impulsar a creación de emprego e mellorar a súa estabilidade), os niveis de emprego seguiron caendo (-4,4%), o paro non deixou de aumentar (un 20,7%), e as debilidades do noso modelo de relacións laborais mesmo aumentaron. As expectativas económicas negativas e o pesimismo de atopar traballo son factores relevantes para explicar o

abandono da procura activa de emprego, o que explica boa parte das tendencias cara a redución da poboación activa e da taxa de actividade.

Dada a situación e a evolución da economía nos últimos anos, o CES valora negativamente a grave incidencia que esta a ter a crise nas principais variables do mercado laboral galego, entendendo que a mellora do emprego debe constituír unha das principais prioridades nas actuacións en materia política e social.

• O emprego

En termos de emprego o ano 2010 pódese cualificar como negativo. Aínda coa mencionada leve recuperación no nivel de actividade, a dinámica do emprego acadou uns resultados peores que no 2009 e con algúns síntomas de empeoramento temporal no derradeiro trimestre de 2010. De acordo cos datos da EPA, no 2010

había unhas 50.000 persoas ocupadas menos que no ano anterior, o que situaría a taxa de ocupación da economía galega no 46,2%, algo máis de dous puntos porcentuais por baixo da taxa do 2009.

En 2010, o ritmo da caída no número de ocupados en Galicia case que duplica ao do conxunto do Estado (-4,4% fronte ao -2,3%). No entanto, se consideramos a comparación dende o ano 2008, podemos ver que a ocupación baixou en termos relativos de xeito similar en ambos territorios (un 8,3% en Galicia e un 8,9% en España). E dicir, a economía galega en termos de emprego aguantou mellor o inicio da crise, pero tamén está a sufrir a mesma con certo retraso e maior intensidade neste derradeiro ano.

Esta caída tan forte da ocupación afecta ao conxunto de actividades económicas, territorios, idades, categorías profesionais e niveis formativos. Porén, as maiores perdas de emprego danse nos colectivos de homes (sobre todo de outras nacionalidades), persoas menores de 25 anos, nas ramas industriais e da construción e nas persoas con educación primaria ou inferior.

O CES entende que é importante non perder de vista as posibles consecuencias sociais do desemprego e a súa incidencia en amplos eidos que determinan a calidade de vida dos cidadáns. Neste sentido convén estar atentos á cobertura do desemprego, tanto pola súa vertente de protección social como pola súa posible incidencia sobre o consumo e a demanda interna.

Nas etapas de crise económica acentúase a relación positiva entre o nivel formativo e as posibilidades de atopar o manter o traballo, de aí que as maiores caídas do emprego en 2010 se deran no grupo de traballadores con educación primaria (un total de 25.800 persoas, en torno ao 50% da redución total do emprego).

Atendendo á distribución sectorial o emprego redúcese

nos catro grandes sectores, pero en maior medida na industria (-11,5% respecto a 2009) e na construción (-9,1%). A análise interna do sector industrial revela o dato preocupante de que a perda de emprego (de uns 22.400 ocupados menos) dáse en case tódalas súas ramas de actividade, o que nos revela unha fonda crise no conxunto do tecido industrial galego. O sector da construción continúa o seu axuste negativo no 2010, con 10.500 ocupados menos, afectado directamente polo forte descenso da licitación de obra pública. Entre as poucas ramas de actividade que logran aumentar o emprego en 2010 pódense salientar as de relacionadas co transporte e almacenamento, a administración pública e as relativas á información, comunicación e actividades artísticas e recreativas.

Como consecuencia da evolución comentada, a destrución de emprego afectou a tódalas situacións e categorías profesionais. En 2010, o número de traballadores por conta propia descendeu en 15.200 persoas, con especial incidencia no subgrupo de empregadores (o 87% do total). Pola súa parte, o descenso de 35.600 empregos asalariados concéntrase no sector privado (-5,7% en relación a 2009), pois o emprego público incrementou levemente (2,6%). Como consecuencia do comportamento do emprego sectorial, os grupos máis afectados pola perda de emprego foron os de traballadores cualificados da industria manufactureira, a construción e a minaría (con 20.100 ocupados menos). No ano 2010, os grupos de ocupación que menos notan a crise son os técnicos e profesionais científicos e intelectuais, e fundamentalmente, os traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedor de comercio que aumenta a súa ocupación en 2.700 persoas.

• Características e dinámica do mercado de traballo

Por Comunidades Autónomas, no ano 2010 o descenso da ocupación foi xeneralizado, agás no País Vasco onde medrou en case 7.000 persoas. A taxa de emprego en Galicia foi do 46,2%, a sexta máis reducida do Estado, só por diante de Andalucía, Canarias, Asturias, Extremadura e Castela - A Mancha. O descenso da taxa de ocupación en Galicia foi de 2,1 puntos porcentuais, un descenso moderado pola redución en máis de 16 mil persoas da poboación activa. A evolución do emprego nas distintas Comunidades Autónomas, ten como con-

secuencia o incremento no volume de parados en todas elas, agás no País Vasco (con case 5.000 parados menos). As Comunidades Autónomas cunha taxa de paro máis elevada seguen sendo as mesmas que no ano 2009, Canarias (28,7%), Andalucía (28%), e Murcia, C. Valenciana e Estremadura (en torno ao 23%). Galicia, de ser a cuarta Comunidade Autónoma cunha menor taxa de paro no ano 2009, pasa a ser a sexta no ano 2010, tras un incremento en 2,8 puntos porcentuais na súa taxa de paro.

No ano 2010, en Galicia unhas 217.000 persoas tiñan contratos laborais temporais, o que implica unha taxa de temporalidade nos asalariados en torno ao 25% do total, uns 10 puntos porcentuais por riba da media da UE-27. Esta taxa de temporalidade vense reducindo nos derradeiros anos, pero principalmente motivado pola non renovación dos contratos mais que pola súa transformación en indefinidos (no 2010, tanto os contratos temporais coma os indefinidos caeron de forma significativa, 23.500 e 11.900 menos que en 2009, respectivamente).

Ademais, os contratos rexistrados nas oficinas de emprego seguen mostrando un elevado nivel de rotación no emprego. Aínda que levemente inferior ao do ano 2009, en 2010 o número de contratos superou os 680.000, dos que o 91,2% foron de duración temporal e o resto de carácter indefinido (4,8% de novos contratos e o 4% de transformación en indefinidos). Ao contrastar estas cifras co número de persoas implicadas obtemos que cada asalariado temporal tivo unha media de algo máis de 3 contratos ao longo de 2010, o que confirma a elevada rotación. Por unha banda, dentro da contratación temporal destacan os contratos eventuais segundo circunstancias da produción e os contratos de obra e servizo que, conxuntamente acollen o 81,5% do total de duración temporal. Por outra, en torno ao 58% dos contratos temporais asinados teñen unha duración inferior a 6 meses, e o 25% inferior a un mes.

No mercado de traballo galego, o peso dos empregados a tempo parcial sobre o volume total de ocupación segue sendo reducido en relación á media do conxunto do Estado (11,7% en Galicia fronte ao 13,3% en España) e moi lonxe das cifras acadadas noutros países da

UE. No 2010, tanto en Galicia como en España, o emprego a tempo parcial aumentou lixeiramente (en torno ao 0,6%), en contraste co forte descenso do número de traballadores con xornada a tempo completo (un 5% menos).

Un sostido deterioro do mercado laboral incrementa de xeito significativo tanto a proporción da poboación en risco de pobreza como a desigualdade na distribución da renda. Dende esta perspectiva, o CES cree necesario avanzar na complementariedade entre as políticas económicas e de emprego e as medidas de protección e inclusión social.

O paro rexistrado nas oficinas de emprego elevouse en 2010 ate as 226.000 persoas, unhas 20.000 máis que no ano anterior. Esta evolución implica unha variación interanual próxima ao 10%, algo menor que no conxunto do Estado (do 11,4%), e moito menor á rexistrada no ano 2009 (que en Galicia foi do 37%). Este incremento do paro rexistrado deriva, principalmente, do xa comentado ritmo elevado na destrución de emprego durante 2010, e afecta con maior virulencia á xente máis nova (menores de 25 anos) e ás mulleres. O desemprego converteuse no principal problema do mercado de traballo español e galego, sobre todo polo peso que foi adquirindo o paro de longa duración, fenómeno que se pode observar con claridade polo incremento dos subsidios fronte á redución das prestacións de desemprego.

• Relacións laborais

O 2010 tamén foi un ano de reformas nas normas que regulan o funcionamento do mercado de traballo coa aprobación do Real Decreto-Lei 10/2010, de 16 de xuño, de reforma das relacións de traballo e do mercado laboral, que desembocou na aprobación da Lei 35/2010, de 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo. Esta reforma afectou, entre outros aspectos, á contratación laboral, temporal e indefinida, aos contratos formativos, á extinción do contrato de traballo por causas obxectivas, ao pago

de cantidades por indemnización a cargo do FOGASA, á mobilidade xeográfica, á modificación das condicións de traballo de carácter substancial, á non aplicación do réxime salarial establecido nos convenios colectivos de ámbito superior á empresa, á suspensión do contrato e á redución de xornada como alternativa ao despedido, á intermediación no mercado laboral e ás actuacións das empresas de traballo temporal, e ao sistema das bonificacións á contratación indefinida.

O CES valora positivamente a vontade de diálogo social entre todos os axentes e os acordos que, no seu seo, son acadados con un amplo consenso das partes. No contexto socioeconómico actual, o CES considera moi relevante calquera esforzo encamiñado a revitalizar e potenciar o diálogo social, pois se trata dun instrumento que pode acrecentar as posibilidades de éxito das reformas legais neste eido.

O novo marco normativo foi aprobado polo goberno central sen contar co acordo dos axentes sociais. Esta falla de acordo e a valoración negativa da mesma que fixeran as organizacións sindicais levou a convocatoria dunha folga xeral o día 29 de setembro de 2010. Aínda e cedo para facer unha valoración polo miúdo dos efectos da reforma, pero nos seis meses do ano 2010 nos que a reforma estivo xa en aplicación, non parece que se avanzara na consecución dos obxectivos que a inspiraban pois, como acabamos de ver, nin se conseguiu xerar emprego neto nin mellorar sensiblemente a estabilidade e calidade do mesmo.

No que atinxe á negociación colectiva, o número de convenios colectivos rexistrados en Galicia no ano 2010 ascendeu a 816, un 2,4% máis que no ano anterior. O incremento salarial medio pactado nos 199 convenios asinados ou revisados en 2010, foi do 2,69%, o máis baixo dos que se ten rexistro, catro décimas máis baixo que o IPC galego. A xornada media efectiva en Galicia situouse nas 1.594 h anuais (similar

á media española de 1.579,4 h ao ano), 13 menos que no 2009, pero mantendo a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma con maior xornada media efectiva por traballador.

No ano 2010, en Galicia os expedientes de regulación de emprego ascenderon a 1.076, con uns 13.186 traballadores afectados. Estas cifras representan un descenso do 19% e o 46%, respectivamente, en relación ás acadadas en 2009, pero tamén moi superiores ás do ano 2008. Do conxunto dos traballadores afectados por expedientes de regulación en Galicia, o 82,6% o foron por medidas de suspensión, o 10,3% por medidas de extinción, e o restante 7,1% por medidas de redución, valores que non difiren de forma significativa respecto dos alcanzados en 2009.

Segundo os datos proporcionados polo Ministerio de Traballo e Inmigración, en Galicia no ano 2010 reduciuse a conflitividade laboral, pois baixaron de forma drástica o número de traballadores participantes nas folgas (de 217 mil traballadores participantes no ano 2009 a 15 mil no ano 2010) ou as xornadas non traballadas (de 370 mil a 22 mil). Con todo, débese ter presente que estes datos non teñen en conta a folga de empregados público do mes de xuño, convocada en contra da redución salarial no sector, así como tampouco a folga xeral contra a reforma laboral.

• Seguridade e saúde no traballo

No ano 2010 confirmase a tendencia de baixada do índice de incidencia da sinistralidade laboral, acadando os 42,5 accidentes por cada 1.000 traballadores afiliados (uns 3,8 accidentes menos que no ano anterior), pero aínda por riba da media estatal que se sitúa en 37,5 accidentes por cada 1.000 afiliados.

O sector servizos segue sendo o que experimenta o maior número de accidentes laborais, que con máis de 15.000 no ano 2010, representa o 41,4% dos accidentes con baixa en xornada de traballo en Galicia. A este sector lle sigue a industria con algo máis de 11.000 accidentes (30,3%), e a construción con 7.500 (20,6%). Agás no sector pesqueiro, tódolos sectores acadaron unha redución do número de accidentes con baixa respecto do ano 2009.

A pesar de esta positiva evolución, Galicia mantense en 2010 como a quinta Comunidade Autónoma con maior índice de incidencia de accidentes con baixa e a primeira no índice de accidentes mortais.

Os problemas derivados da crise económica e ligados ao mercado laboral están afectando de xeito transversal a toda a sociedade, aos distintos territorios e actividades económicas. Dada esta situación, o CES insta ás distintas administracións implicadas a implementar mecanismos de avaliación e fórmulas de cooperación institucional co obxectivo de facer máis efectivas as políticas activas de emprego.

- **Políticas activas de emprego**

No ámbito das políticas activas de emprego, a lei 35/2010 de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, incluíu importantes modificacións, fundamentalmente no que se refire á intermediación laboral (a través da inclusión das axencias de colocación con ánimo de lucro), no que se refire ás medidas para favorecer o emprego das persoas xoves e dos desempregados

(a través das bonificacións de cotas pola contratación indefinida) e nos contratos de formación (a través da modificación dos contratos formativos).

Sen embargo as modificacións máis salientables no eido das políticas activas de emprego veñen da aprobación do Real Decreto-Lei 1/2011 de medidas urxentes para a promoción da transición ao emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas, que responde ao acordo suscrito entre empresarios, sindicatos e o goberno do Estado en relación ás políticas activas de emprego; e da aprobación do Real Decreto-Lei 3/2011 de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego.

No marco da reforma, as accións formativas tanto para empregados como, principalmente, para desempregados, incrementan o seu número, os alumnos e os recursos empregados.

Dentro das actuacións dirixidas á promoción do emprego, destacar que máis de 4.000 persoas beneficiáronse do programa de fomento do emprego e a estabilidade laboral, 4.685 persoas beneficiáronse do programa de fomento do autoemprego e do traballo autónomo, e un total de 2.621 persoas beneficiáronse do programa de integración laboral das persoas con discapacidade e/ou risco de exclusión social. ■

C3 DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

• Demografía empresarial

A evolución da economía galega provocou que, por terceiro ano consecutivo, prosiga a deterioración e a destrución do seu tecido empresarial. Así, descendeu o número de empresas inscritas na Seguridade Social, acadando as 83.504 no derradeiro día de 2010, un 1,45% menos que en 2009. Este descenso prodúcese mes a mes, pero con menor intensidade que no conxunto de España, o que provocou que Galicia gañase peso relativo no número total de empresas, do 6,3% do total do Estado en 2006 até o 6,7% en 2010.

A presenza relativa dos traballadores autónomos é maior pois, os 151.274 inscritos en Galicia a fin do ano 2010, representaron o 7,6% do total español. O perfil maioritario destes empresarios autónomos galegos é o dunha persoa que traballa no sector servizos (o 55,2% do total, pero tamén con elevada presenza na agricultura que representan o 29,1%), sen asalariados ao seu cargo (o 81,3%), cunha soa actividade (o 96,3%), varón (o 56,2%), maior de 40 anos de idade (o 75,0%), con cinco ou máis anos no seu negocio (o 52,1%) e que cotiza pola base mínima (77,8%).

En relación ao ano anterior, no 2010 a dinámica empresarial en Galicia reflicte un incremento no número de sociedades mercantís constituídas e unha caída no capital das mesmas (tanto o subscrito como o desembolsa-

do). Respecto do conxunto español, séguese creando menos empresas (14,4 sociedades por cada 10.000 habitantes fronte á media de 17 no Estado), e disolvéndose a maior ritmo (no 2010 disolvéronse 33,2 empresas por cada 100 constituídas, 10,1 máis que a media estatal).

En relación coa media española, a economía galega segue creando menos empresas por habitante e disólveas a maior ritmo. O CES entende preocupante este proceso de deterioro e destrución do tecido empresarial, polo que invita a todos os axentes á adoptar iniciativas que promovan e incentiven a cultura emprendedora en tódolos ámbitos sociais, así como outras medidas que axuden ao mantemento das empresas en activo.

• A estrutura produtiva

A economía de Galicia presenta unha estrutura produtiva sectorial propia das economías máis desenvolvidas, cunha forte terciarización (os servizos achegan o 65,9% do PIB), moderada presenza dos sectores secundarios (as ramas enerxéticas, industriais e da construción achegan conxuntamente o 29,5% do PIB), e escaso tamaño relati-

vo do sector primario (o 4,6% do total). En relación coa economía española, o peso relativo das ramas de servizos é menor (5,7 puntos porcentuais menos), acontecendo o contrario cos sectores primario e secundarios (1,9 e 3,8 puntos porcentuais máis, respectivamente).

Fronte a baixada xeneralizada en 2009 das taxas de variación interanuais reais do Valor Engadido Bruto (VEB) en tódolos sectores da economía de Galicia, no ano 2010 acadáronse taxas de evolución positivas nas ramas agrarias e pesqueiras (do 3,1%), nas enerxéticas (3,5%) e nas de servizos (tanto de mercado, 0,7%, como de non mercado, 0,6%). A negativa evolución nas achegas do sector industrial (-0,5%) e o forte descenso na construción (-5,8%) contrarrestaron as anteriores achegas positivas, de xeito que o PIB real apenas medrou un 0,1%.

En 2010, no conxunto da economía de Galicia a produtividade aparente situouse nos 47.936 euros por ocupado, o que implica o 91% da media española, 5,7 puntos porcentuais máis que no 2009. En termos de emprego, en 2010 as taxas de variación interanuais seguen sendo negativas para todos os sectores menos no sector de servizos de non mercado. Nos sectores da industria e da construción a caída do emprego é aínda máis intensa ca do seu VEB, polo que a produtividade aparente do factor traballo creceu en tódolos ámbitos (coa excepción sinalada do sector de servizos de non mercado).

• Sector primario e industrias relacionadas

O crecemento real do 3,1% no VEB do conxunto das ramas agrarias e pesqueiras foi acompañado por un descenso do 3,9% dos empregos (en equivalentes a tempo completo). A pesar de esta evolución que elevou a produtividade aparente media, segundo os datos da EPA, Galicia acolle o 10,9% das persoas ocupadas nestas ramas no conxunto de España, mentres que só aporta o 8,9% do VEB.

En relación ao subsector agrogandeiro, no derradeiro ano cabe salientar o forte incremento das toneladas consumidas de elementos fertilizantes na agricultura (un 137,6% máis que no 2009) e a estabilidade da produción de leite de vaca (uns 2,37 millóns de toneladas, o 38% do conxunto do Estado). O prezo medio percibido polos produtores galegos en 2010 acadou de 28,59

euros por cada 100 litros de leite, freando a forte caída rexistrada no ano anterior e recortando o diferencial co prezo medio en España (que situouse no -1,67 euros por cada 100 litros).

O CES constata as dificultades económicas polas que están a pasar as principais ramas de actividade do sector primario galego, e cre necesario fortalecer as medidas de apoio que consideren o relevante papel das mesmas, tanto no equilibrio territorial e medioambiental, como nos eidos sociais e culturais.

En 2010, o volume total da produción pesqueira e marisqueira de fresco foi de algo máis de 187 mil toneladas (un 4,3% menos que no 2009), que acadaron un valor en primeira venda de 458,4 millóns de euros (un 8,5% máis). As principais lonxas seguen sendo as de Vigo, A Coruña, Ribeira, Burela e Celeiro que, conxuntamente, supoñen o 81,5% das toneladas e o 73,7% do valor en primeira venda. Pola súa parte, a acuicultura mariña experimentou un descenso do 5,8% no seu volume de produción respecto do ano anterior que, grazas á favorable evolución dos prezos, logrando manter case constante o nivel de ingresos.

No que respecta ao subsector da silvicultura e a madeira, cómpre ter en conta a existencia dun comportamento diferencial entre as industrias de primeira transformación (rematantes, serradoiros, taboleiro e pasta de papel) e as de segunda transformación (carpintería e mobiliario). Neste senso, as industrias de primeira transformación incrementaron en 2010 a súa facturación nun 14%, mantendo estable a taxa de emprego. Polo contrario a industria de segunda transformación, reduce a súa facturación nun 9,4% e o emprego nun 7% en relación ao ano anterior, directamente afectada pola redución no consumo privado e na construción.

• Os sectores industriais

No 2010, o Índice de Producción Industrial (IPI) de Galicia descendeu unha décima respecto a 2009, fronte ao incremento de nove décimas na economía española. A

situación da economía galega provocou que o pesimismo siga sendo a nota dominante entre os empresarios de Galicia, pois os indicadores de confianza empresarial foron acadando valores cada vez máis negativos a medida que avanzaba o ano 2010, chegando até os -33,0 puntos no cuarto trimestre (-18,7 no primeiro trimestre).

Se diferenciamos as ramas enerxéticas das propiamente industriais, a evolución de este sector foi dual. Por unha banda, as ramas enerxéticas, xunto coas primarias, foron os que mellor resistiron os efectos negativos da crise económica no ano 2010, rexistrando unha taxa de variación anual do 3,5% no seu VEB real. Deste xeito, a industria enerxética en Galicia acadou o 8,3% do VEB do sector enerxético do Estado, tan só superada polas Comunidades Autónomas de Madrid, Cataluña e Andalucía.

O CES cre preciso unha mellora na definición e instrumentos da política industrial na economía galega, que logre preservar os sectores tradicionalmente importantes da mesma e fomenta outros, intensivos en coñecemento, que poden xogar un papel estratéxico de cara ao futuro.

Por outra banda, en 2010, as ramas industriais diminuíron as súas achegas de VEB nun 0,5% respecto ao pasado ano, moderando o forte descenso acontecido no 2009 (que foi do -13,7%). A caída da actividade industrial no 2010 foi especialmente significativa nos bens de consumo duradeiro, onde o IPI decreceu un 7,5% respecto do ano 2009, taxa similar á española para este tipo de bens. Pola súa parte, o IPI dos bens de consumo non duradeiro rexistrou un descenso moderado do 2,2%, mostrando unha tendencia inversa ao do conxunto de España onde a taxa de variación interanual foi positiva (do 1,9%).

Dentro das ramas enerxéticas, no 2010 comprende salienta a alza na xeración neta de electricidade (un incremento do 9,6% respecto de 2009) así como na demanda da

mesma (un 3,6%), en ambos casos en maior magnitude que a media española (do 6,6% e do 3%, respectivamente). O consumo de produtos petrolíferos (gasolinas, gasóleos e fuel óleos) caeu un 1,6% respecto a 2009 (-2,1% en España), mantendo o peso relativo do 8,2% do total estatal.

Nas ramas industriais cabe destacar a leve recuperación da actividade na industria da automoción que, tras as fortes caídas de 2008 e 2009, no ano 2010 logrou incrementos en torno ao 7% nos niveis de produción e do emprego. Tamén pódese subliñar o aumento de novos contratos aos estaleiros galegos (todos para a exportación), pero unha caída na carteira de pedimentos en termos de arqueo do 36,5% respecto a 2009, o que pode indicar futuras dificultades para o sector.

• O sector da construción

Ao contrario que o resto dos sectores, o da construción presenta no ano 2010 taxas de variación interanuais negativas dunha intensidade similar ás rexistradas no ano 2009 (en torno ao -5,7%). O maior peso relativo que ten este sector na economía galega (aporta o 12,1% do PIB galego fronte ao 10,1 no caso español) está provocando que o proceso de axuste negativo teña consecuencias directas moi severas no mercado laboral.

O descenso da actividade no sector da construción no ano 2010 está ligado a caída do 32,4% no importe da licitación pública en Galicia. Un descenso de 874,2 millóns de euros respecto ao 2009, concentrados na obra civil (de transportes e urbanizacións, principalmente) e derivado da baixada do importe das licitacións por parte da Administración central (-56%).

En termos xerais, a evolución do mercado da vivenda en Galicia no ano 2010 foi negativa, aínda que con menor intensidade que nos anos precedentes e mostrando algúns indicios de axuste entre a oferta e a demanda. Pola parte da oferta, redúcese o número de vivendas iniciadas (un 4,2%) así como o número de rehabilitacións de edificios (un 2,5%), pero cunha intensidade menor que no conxunto de España. Pola parte da demanda, o número de hipotecas constituídas tan só descendeu un 2,4% e rexistrouse un incremento do 6% nas transaccións de compravenda, de tal

xeito que o seu número superou ao de vivendas terminadas nun 18,2%.

No ano 2010, tamén resulta ilustrativa a baixada nos visados de dirección de obra en Galicia, dun 11,2% en número de edificios, do 31,4% en superficie e do 27,6% en presuposto de execución. Descensos que, en tódolos casos, foron máis intensos que no conxunto de España e nos que, por tipo de obra, destaca negativamente as actuacións en solos para usos industriais.

• Os sectores de servizos

As ramas de actividade de servizos aportan en torno a dúas terceiras partes do PIB da economía galega. No ano 2010 este sector presentou unha leve melloría, crecendo entre o 0,6% e o 0,7% respecto do ano anterior. Nos servizos de mercado trócase a tendencia decrecente do 2009 en Galicia (-1,4%), e tamén a do conxunto da economía española para 2010 (-0,9%). Pola contra, nos servizos de non mercado crécese á metade do ritmo que a economía española (1,3%), e redúcese sensiblemente a taxa de crecemento obtida na economía galega no 2009 (do 4,4%).

O feble crecemento experimentado nos sectores de servizos en 2010 apenas logra frear a caída do emprego, que se situou nas 737 mil persoas, unhas 13 mil menos que no 2009. As ramas de servizos acollen en torno ao 67% dos traballadores ocupados en Galicia, a maior parte deles nas ramas do comercio (o 21,0% do total), sanidade (10,7%), administración pública (10,3%), hostalería (9,4%) e educación (9,4%).

No comercio, a pesar do incremento nun 2% das vendas polo miúdo (por riba da media estatal que foi do 0,7%), o índice de confianza empresarial elaborado polo IGE reflicte un incremento do pesimismo no ano 2010 pois pasa do -14,2 no primeiro trimestre ao -26,5 no derradeiro.

O sector turístico galego acadou no ano 2010 unha lixeira recuperación, cun incremento do grao de ocupación hoteleira, do número de viaxeiros, das pernoitas, dos prezos hoteleiros e dos ingresos por habitación. Esta melloría, en parte motivada pola celebración do Ano Xacobeo, segue lastrada polos problemas da forte esta-

cionalidade e da baixa internacionalización que son características básicas do mercado turístico galego.

No subsector do transporte, as estradas seguen sendo o medio principal tanto para o transporte de mercadorías (crecendo o 1% respecto a 2009) como de pasaxeiros (cun leve descenso do 0,7%). Para as mercadorías, tamén resulta relevante o transporte marítimo e por ferrocarril, en ambos casos con descensos nas toneladas movidas do 2,3% e do 3%, respectivamente. No movemento de pasaxeiros é salientable o papel xogado polo sistema aeroportuario galego, con case 4,4 millóns de usuarios no 2010, o que supón un crecemento do 6,2% respecto ao 2009.

• Sector exterior

No ano 2010, o sector exterior galego, ao igual que acontece no conxunto do Estado, tivo unha importante contribución positiva ao crecemento agregado da demanda. Como consecuencia do maior ritmo de crecemento das exportacións que das importacións, logrouse minorar o saldo negativo da balanza comercial da economía galega e mellorar a súa taxa de cobertura (do 83,0% en 2009 ao 85,3% en 2010).

O CES valora positivamente a evolución do sector exterior da economía galega e considera que se debe afondar nas medidas e incentivos que fagan avanzar no proceso de internacionalización empresarial, pois é un dos elementos principais para impulsar a actividade produtiva.

A maior parte dos intercambios prodúcense co resto de Comunidades Autónomas (o 59,3% das importacións e o 47,8% das exportacións), e son a orixe da baixa cobertura comercial de Galicia. Este comercio é tradicionalmente deficitario para a economía galega, cun saldo negativo de 6.315 millóns de euros en 2010, lixeiramente menor que en 2009, o que permitiu unha mellora de algo máis de un punto porcentual na taxa de cobertura (68,7% en 2010).

O resto das transaccións realízanse con terceiros países, acadando en 2010 un saldo comercial positivo de case 1.328 millóns de euros, o que permitiu incrementar en 3,6 puntos porcentuais a positiva taxa de cobertura internacional da economía galega (do 106% de 2009, ao 109,6% de 2010). Aproximadamente, as tres cuartas partes das exportacións galegas ao exterior diríxense á Unión Europea (entre Francia, Portugal e Italia concentran case o 57% das mesmas), e algo máis da metade das importacións proveñen desta mesma zona (principalmente de Francia e Portugal). Por tipo de bens, destacan as exportacións de vehículos e accesorios (32,6% do valor total), de prendas e complementos de vestir (16,3%) e dos produtos da pesca (6,5%). En importacións, son relevantes as de combustibles (o 22,7% do valor total), vehículos e accesorios (16,6%) e as de produtos da pesca (8,8%).

En relación aos movementos de investimento internacionais, no ano 2010 continuouse a tendencia a súa diminución, elevada no caso dos investimentos estranxeiros en Galicia (da orde do -70%), e moderada no caso dos investimentos galegos no exterior (-5,6%). O investimento bruto estranxeiro en Galicia alcanzou os 47,3 millóns de euros, sendo Portugal o principal inversor (co 56,5% do total) e dirixíndose fundamentalmente ás ramas de servizos financeiros e da metalurxia. O investimento bruto galego no exterior, situouse en torno aos 550 millóns de euros, que maioritariamente se destinaron a Francia, Italia e Alemaña (acollendo conxuntamente o 66% do total), e principalmente nas ramas de actividade do comercio polo miúdo e os servizos financeiros. ■

C4 CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

• Cobertura social e prestacións económicas

As cotizacións seguen a ser a principal fonte de financiamento do gasto social en España, aínda que nos derradeiros anos van gañando peso relativo as contribucións das administracións do Estado, principalmente para cubrir ámbitos da protección social de natureza non contributiva como a asistencia sanitaria e a atención á dependencia. A pesar da situación económica, no 2010 a Seguridade Social (SS) acadou novamente un saldo positivo, equivalente ao 0,22% do PIB de España. Dende o punto de vista da Contabilidade Nacional os saldos negativos do Servicio Público de Empleo Estatal (SPEE) e do Fondo de Garantía Salarial (FOGASA) contrarrestaron o anterior resultado da SS, de xeito que o conxunto destas tres entidades entraron en déficit no

2010 por primeira vez dende finais da década dos noventa.

En Galicia, no 2010, o diferencial teórico entre as obrigas contraídas e os dereitos recoñecidos pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acadaron un déficit de uns 2.100 millóns de €, cifra similar á do pasado ano. A situación deficitaria dáse en tódolos réximes, pero principalmente nos correspondentes ao especial dos traballadores autónomos (62% do déficit total) e ao réxime dos traballadores do mar (23% do total).

As cotizacións sociais en Galicia no ano 2010 eleváronse a case 5.100 mil millóns de €, cifra moi similar á do ano 2009. O 72% procederon do réxime xeral, o 13%

dos traballadores autónomos, o 11% das cotizacións de desempregados e apenas o 4% do resto dos réximes. O importe total das obrigas contraídas en Galicia ascendeu a uns 7.200 millóns de €, o 98% das mesmas corresponderon ás transferencias correntes, principalmente para financiar as prestacións económicas contributivas (uns 7.000 millóns de €) e as non contributivas (84 millóns de €).

Parece evidente a relación causal entre a economía, o mercado de traballo e a situación social xeral. Neste contexto de crise, a combinación de elevadas taxas de desemprego, paro de longa duración e crecente número de familias sen ingresos, están a provocar un aumento dos fogares baixo risco de pobreza e exclusión social. O CES quere salientar que o acceso ao traballo, así como as condicións que favorezan a creación do mesmo, son factores cruciais para preservar a cohesión social, condición indispensable para que poda haber unha recuperación económica duradeira. actuacións en materia política e social.

O número total de beneficiarios no ano 2010 en Galicia dalgún tipo de prestación ascendeu a 931.257 persoas, un 0,5% máis que no ano anterior. O incremento en torno aos 5.000 beneficiarios destas prestacións, se explica pola medra das pensións contributivas de xubilación, polo incremento dos subsidios de desemprego e pola redución das prestacións contributivas por desemprego.

O número de pensións contributivas en Galicia rexistrou un incremento do 0,8%, o que coloca a Galicia como quinta Comunidade Autónoma en número de pensións contributivas. O seu importe medio segue a ser o menor entre todas as Comunidades Autónomas, con un diferencial do -16,4% en relación a media estatal. Por clase de pensión contributivas, tamén débese salientar que todas teñen importes medios inferiores aos estatais.

En 2010, ao igual que no 2009, descendeu o número de beneficiarios das pensións non contributivas. Galicia segue a ser a terceira Comunidade Autónoma con maior número de beneficiarios (10,4% do total estatal), tras Andalucía e Cataluña.

Pola súa parte, en 2010, o número de beneficiarios da prestación por desemprego incrementou un 1%, fronte ao descenso 0,6% no conxunto do Estado. Dos algo máis de 153 mil beneficiarios en Galicia, o 51,4% cobrou a prestación contributiva, o 43,1% a asistencial e o 5,5% restante á de renda activa de inserción. En relación a 2009, obsérvase una redución dos beneficiarios da prestación contributiva e un aumento dos beneficiarios de subsidios e de rendas activas de inserción, en boa parte explicado polo desemprego de longa duración. Estas cifras supoñen que o 64,6% dos parados rexistrados foron beneficiarios dalgunha prestación por desemprego, 3,5 puntos porcentuais menos que no 2009.

• Saúde

Os indicadores demográficos básicos de Galicia describennos unha sociedade cunha crecente esperanza de vida, unha reducida taxa de natalidade e unha elevada idade media. En 2010, as case 620 mil persoas do segmento da poboación maior de 65 anos significan o 22,2% do total (16,6% en España), representan unha cifra 1,4 veces maior que o segmento de poboación menor de 20 anos e, ademais, presentan altos índices de sobreenvellecemento (case o 15% da mesma ten máis de 84 anos de idade). A relación entre a poboación potencialmente dependente (menores de 15 anos e maiores de 64) e a potencialmente activa (entre 15 e 64 anos), alcanzou o 52,5%, oito décimas máis que no pasado ano e 4,7 puntos porcentuais por riba da media de España. Esta estrutura da poboación de Galicia en boa medida está condicionando as necesidades sanitarias e tamén as políticas no ámbito da saúde e a sanidade pública.

De acordo cos indicadores de saúde, as enfermidades con maior frecuencia na poboación seguen a ser a gripe e a varicela, e as principais causas de morte as enfermidades relacionadas co sistema circulatorio e os tumores. A poboación protexida en 2010 polo Sistema Nacional de Salud (SNS) en Galicia ascendeu a 2.667.458 perso-

as, un 3,6% máis que a principios da década e que representa o 95,3% da poboación empadroada en Galicia.

En Galicia, os indicadores de saúde e o gasto sanitario están en boa medida condicionados pola estrutura da poboación, caracterizada por un significativo envellecemento. O CES entende que este vai a ser un ámbito de actuación que requirirá unha especial atención por parte de tódolos axentes sociais.

No ano 2010 produciuse un novo incremento na lista de espera estrutural cirúrxica e na demora media. O tempo de demora medio é maior en Galicia que no conxunto do SNS, en todas as especialidades agás en cirurxía plástica, torácica e neurocirurxía. A lista de espera en consultas externas a 30 de xuño de 2010 era de 62 días, tres menos que na mesma data do ano anterior, pero oito días superior á espera media no conxunto do SNS.

O gasto farmacéutico público en Galicia acadou os 931 millóns de € no ano 2010, o que representou preto do 25% do gasto sanitario e case o 11% dos gastos correntes nos orzamentos iniciais da Comunidade Autónoma. Ademais este gasto supuxo un incremento do 0,7% respecto ao ano anterior, fronte á redución do 2,4% do conxunto do Estado. En Galicia factúrase o 7,6% do gasto farmacéutico total do Estado, sendo a quinta Comunidade Autónoma cun gasto farmacéutico máis elevado, tras Andalucía, Cataluña, C. Valenciana e Madrid.

O gasto sanitario, en base ao orzamento inicial de gasto, reduciuse en torno ao 1%, sendo Galicia a sexta Comunidade Autónoma por gasto sanitario e a quinta en canto á poboación protexida polo sistema sanitario. Nembargante Galicia é oitava Comunidade Autónoma con menor gasto sanitario por persoa.

• Indicadores de benestar social

Dentro deste apartado contémpanse catro aspectos

principais: a atención á dependencia e á discapacidade, a pobreza e cohesión social, as iniciativas sobre familia e infancia e, por último, a violencia e o maltrato.

En relación á atención á dependencia cabe salientar o crecente número de solicitudes para poder ter acceso aos programas de axudas, pasando das 50 mil de principios de 2009 até as preto de 90 mil en decembro de 2010. Ao finalizar o ano, o 82% das solicitudes xa contaban cos correspondentes ditames emitidos dos que, as tres cuartas partes recoñeceron dependencias de grao II (dependencia grave) e grao III (gran dependencia), o que supón case 54 mil persoas en Galicia con dereito a estas prestacións. Pola contra, nesas mesmas datas só había 33 mil persoas beneficiarias de Programas Individuais de Atención (PIA), para os que están asignados uns 8.782 coidadores non profesionais (6.531 máis que os existentes en 2008). Non obstante, a finais de ano aínda quedaban máis de 21 mil persoas con dereitos recoñecidos pero sen PIA activado.

Ao final do ano 2010, existía un importante diferencial entre o número de persoas con dereitos recoñecidos para atención á dependencia e o número dos beneficiarios efectivos das prestacións. O CES cre necesario intensificar os esforzos para mellorar a aplicación efectiva da normativa de atención á dependencia dunha forma máis acorde cos obxectivos perseguidos pola mesma.

En Galicia residen cerca de 300 mil persoas que sofren algún tipo de discapacidade. O 65% son maiores de 65 anos de idade e principalmente padecen discapacidades asociadas á mobilidade (en Galicia, unhas 80 persoas de cada mil teñen esta discapacidade, fronte a media de pouco máis de 60 no conxunto do Estado). No que atinxe á contratación de persoas con algún tipo de discapacidade en Galicia, no ano 2010 iniciáronse 481 dos denominados contratos con persoas con discapacidade (7,4 de cada 10.000 contratos) e 915 dos chamados temporais de persoas con discapacidade (14 de cada 10.000 contratos), a maioría deles no sector dos servizos.

No eido da pobreza e a cohesión social pódese destacar que en Galicia, nos últimos anos, os ingresos medios por fogar mantéñense bastante estables, lixeiramente por encima dos 2.000 € ao mes. Algo máis do 40% dos fogares galegos tiveron uns ingresos medios inferiores a 1.500 € mensuais e, aproximadamente, no 30% dos fogares os ingresos proceden exclusivamente das prestacións sociais. No ano 2010, o 2,1% das vivendas familiares en Galicia non tiñan perceptores de ingresos (1,6% en 2009), e no 22,1% das mesmas vivían tres ou máis persoas.

De acordo cos últimos datos dispoñibles, a desigualdade na distribución da renda en Galicia foi menor que no conxunto do Estado, e tamén foi lixeiramente menor a porcentaxe de persoas baixo o limiar da pobreza. Entre os elementos que tratan de paliar as situacións de pobreza e exclusión pódense destacar as rendas de integración social e as axudas de emerxencia social. No primeiro caso, en 2010 as percibiron cerca de 5.000 persoas (na maior parte dos casos mulleres de entre 25 a 44 anos e con cargas familiares), e no segundo concedéronse en torno a 3.000 axudas (a maioría para cubrir necesidades primarias).

No que atinxe ás prestacións e axudas públicas no ámbito da familia e da infancia compre destacar o incremento das prestacións por risco durante o embarazo (tanto en traballadoras por conta allea como autónomas), o incremento da porcentaxe de prestacións de maternidade percibidas polo pai (só un 2,1% do total, superior á media estatal de 1,85), a caída das prestacións de paternidade (unhas 12.500 no 2010, o 1,7% menos que no ano anterior), o aumento do número de beneficiarios como do importe das prestacións familiares por fillo a cargo (un 2,5% e un 3,2%, respectivamente) e o descenso das excedencias por coidado de familiares (a ampla maioría das mesmas solicitadas por mulleres).

En canto á violencia de xénero, en Galicia é salientable a tendencia mostrada nos últimos anos cara ao incremento no número das denuncias, fronte a certo estancamento no conxunto de España. Ao remate de 2010 en Galicia rexistráronse dúas mortes por violencia de xénero, unha menos que en 2009.

• Medio ambiente e desenvolvemento sostible

Á hora de avaliar a calidade de vida dos cidadáns e o seu benestar social cada vez cobra máis importancia os aspectos relativos ao medio ambiente. Son moitos e diversos os temas a considerar neste apartado, pero aquí só faremos referencia a algúns que consideramos de interese para o caso galego.

En relación á preocupación polo cambio climático podemos destacar que a taxa de cobertura de emisións en Galicia (definida como a relación entre asignacións e emisións verificadas) foi do 120,8%, aproximadamente dous puntos porcentuais menos que a do conxunto de España.

Os espazos naturais protexidos en Galicia segue a ser reducidos en comparación á media española. Así, só o 13,2% do total pertence á Rede Natura 2000 (un 29,2% no conxunto do Estado), e só o 15,8% da superficie forestal goza dalgún mecanismo de protección (40,1% en España).

O CES valora como insuficiente o volume dos espazos naturais protexidos en Galicia, instando ás administracións e á cidadanía a que consideren a importancia da boa saúde ambiental no benestar do conxunto da sociedade, e a que se compatibilicen as iniciativas neste eido cos lexítimos intereses do sector primario.

En relación aos incendios forestais, 2010 foi un mal ano. Aínda que produciuse un descenso no número, incrementouse a superficie afectada polos mesmos nun 37,2%. Comparando co total estatal, en Galicia declaráronse o 33,8% dos lumes do conxunto do Estado e queimouse o 32,5% da superficie total queimada no Estado.

No que respecta á calidade das augas de baño, dos 455 puntos de mostraxe de augas marítimas existentes en Galicia, 318 correspondéronse con augas de moi boa

calidade, sendo a Comunidade con maior número de puntos con esa cualificación. Nas augas continentais, dos 58 puntos de mostraxe existentes, 8 resultaron de moi boa calidade e 50 de boa calidade.

- **Ocio e cultura**

De acordo coa información dispoñible, en Galicia o gasto medio por persoa en cultura sitúase moi por debaixo da media estatal, sendo os equipos e accesorios audiovisuais de tratamento da información e internet o seu destino máis importante. Estímase que existen algo máis de 5 mil empresas culturais que poden estar empregando a máis de 30 mil persoas, o que sitúa a Galicia entre as Comunidades Autónomas con maior ocupación neste sector.

O ano 2010 non foi bo para o sector editorial galego, producíndose un descenso do número de exemplares e de títulos editados en Galicia, e diminuindo o peso relativo

da produción editorial galega no conxunto do Estado. Isto mesmo aconteceu coa prensa escrita, cuxos dous principais xornais viron reducidas tanto as tiradas de exemplares como a difusión. A pesar de isto, Galicia mantén unha elevada porcentaxe de poboación lectora de prensa, un 46,4% fronte ao 38,0% de media en España.

Na última década en Galicia redúcese considerablemente o número de cines, aínda que se incrementa a rateo entre salas de cine por cada 100.000 habitantes. Así mesmo reducíronse en máis dun 30% o volume de espectadores, pero se incrementou nun 28% a recadación.

Finalmente, destacar que no ámbito dos datos relacionados co turismo cultural en Galicia, só o 5,7% dos residentes españois que viaxan a Galicia din facelo por este motivo fronte ao 63,9% dos turistas estranxeiros. ■

C5 RECURSOS E CAPACIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO

- **Capital humano**

No desenvolvemento do capital humano a educación segue a ser o factor clave. No exercicio 2010, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria xestionou case 2.384 millóns de €, un 0,2% menos que no 2009, o que representa o 17,6% do orzamento consolidado do sector público autonómico. A maior parte do orzamento está destinado a gastos de persoal (un 60%). Por programas os gastos principalmente dirixíronse ao financiamento da “Educación infantil, primaria e ESO” (37,2% do orzamento), ao de “Ensinanza secundaria e formación profesional” (33,0%), e ao de “Ensinanzas universitarias” (15,2%).

Dentro do ensino de réxime xeral, no curso 2010-11 Galicia experimentou un descenso no número de centros (-1,5%) e do profesorado (-0,3%), en ambos casos concentrados no ensino público, fronte ao incremento no número de alumnos (0,7%). Os centros públicos acolleron ao 71,5% do alumnado e o 70,5% do profesorado, o que implica unha relación de 7,9 estudantes por docente nos centros públicos (7,8 no anterior curso), fronte a 7,6 nos centros de titularidade privada (concertada e non concertada).

En relación ao número de alumnos matriculados en función do nivel educativo, salienta o incremento de

alumnos matriculados en Educación Infantil e Primaria, fronte ao lixeiro descenso dos matriculados en ESO e Bacharelato, o que se explica polo descenso do segmento da poboación entre 12 e 17 anos, e o incremento do segmento entre 3 e 12 anos.

A educación pública e os sistemas de axudas e bolsas son fundamentais para garantir unha sociedade con igualdade de oportunidades e mobilidade social. Tendo en conta o contexto de crise económica, e as características propias do medio rural galego, o CES insta a que as distintas Administracións Públicas preserven e consideren prioritario o gasto público en educación e os servizos asociados.

De acordo cos últimos datos dispoñibles, Galicia atópase entre as Comunidades Autónomas con menor abandono educativo. Do segmento de idade comprendido entre os 18 e 24 anos, aproximadamente a cuarta parte abandonou os estudos de xeito prematuro, afectando en maior medida aos homes que ás mulleres. Outro indicador frecuentemente utilizado é o referido ao nivel de formación da poboación nova (entre 20 e 24 anos). Galicia, nos últimos anos, experimentou un descenso da porcentaxe de dita poboación que completou ao menos a segunda etapa da educación secundaria. Esta porcentaxe mantense por riba da media estatal e acada valores maiores no caso das mulleres que na dos homes.

Os programas de bolsas e axudas resultan ser un factor fundamental no fomento da igualdade de acceso ao sistema educativo e tamén no ámbito da conciliación familiar. No curso 2009-10, para o ensino de réxime xeral concedéronse case 170 mil bolsas en Galicia, repartidas case a partes iguais entre as ensinanzas obrigatorias (incluídas a educación infantil e especial), as postobligatorias non universitarias e as universitarias. Pala súa banda, no 2010-11, os centros públicos con servizos de comedor reducíronse nun 16% (487 centros fronte aos 565 do curso escolar anterior), e tamén baixou o número de centros con servizo de transporte escolar (6 menos

que no curso anterior), a pesar do aumento dos usuarios do servizo (2.000 nenos máis).

No que respecta á Educación universitaria, no curso 2010-11, o número de estudantes matriculados en graos, primeiros e segundos ciclos nas tres universidades galegas descendeu un 5% respecto ao curso anterior. Dos 65.180 universitarios en Galicia, o 39,6% cursa estudos na Universidade de Santiago de Compostela, o 31,0% na de A Coruña e o 29,4% na de Vigo. Por ámbitos, o 45,5% dos estudantes universitarios cursan estudos de ciencias sociais e xurídicas, o 27,5% en ensinanzas técnicas, e o restante 27% repártense entre as ciencias, as artes e humanidades e as ciencias da saúde.

O persoal docente e investigador (PDI) das universidades galegas supera as 5.300 persoas, das que aproximadamente só a terceira parte son mulleres, e a maioría son funcionarios (máis dun 60% fronte a menos dun 40% de persoal contratado). Sen considerar os estudos de postgrao impartidos (mestrados e doutoramentos) e asumindo que todo o profesorado está a tempo completo, en Galicia acádanse indicadores de número de estudantes universitarios por profesor sensiblemente superiores aos dos outros niveis educativos.

O gasto en investimentos inmateriais das universidades públicas respecto ao gasto total foi do 16%, notablemente superior á media estatal (11,7%). Finalmente destacar que Galicia é a quinta Comunidade Autónoma en canto a volume total de recursos captados de I+D+i das universidades do Estado, e tamén a quinta en canto a produtividade neste sentido (volume de recursos captados por PDI doutor equivalente a tempo completo), con 29.222 € ao ano.

• Investigación e tecnoloxía

O 55,6% do gasto interno realizado en Galicia en I+D está localizado no entorno público, universidades e administración. Nos últimos anos obsérvase unha tendencia decrecente no volume de gasto interno galego en I+D, de xeito que non acada o 1% do PIB, fronte ao aproximadamente 1,4% de media en España e o 1,9% na UE-27.

A fenda negativa respecto á media do conxunto do Esta-

do segue agrandándose nos indicadores básicos da I+D. Así, por exemplo, o gasto por habitante e ano destinados en Galicia a actividades de I+D apenas alcanza o 60% da media estatal, e o persoal ocupado nestas tarefas e o gasto por investigador representan en torno ao 80% da media española.

Como consecuencia lóxica, o peso relativo do investimento galego no total estatal segue descendendo, situando a Galicia como a duodécima Comunidade Autónoma tanto en gasto en I+D sobre PIB como en persoal empregado en actividades de I+D.

A diferenza do que acontece no conxunto do Estado, o gasto privado galego en actividades de I+D resulta menor que o público, e o gasto medio por investigador mostra tendencias decrecentes.

O investimento da Xunta de Galicia para Investigación,

O desenvolvemento económico futuro non pode sustentarse en alicerces sólidos sen unha decidida aposta polo fomento e a promoción do capital humano. Dada a situación de partida de Galicia, o CES aconsella incrementar os esforzos investidores en I+D, tanto nas institucións públicas como privadas.

Desenvolvemento e Innovación, ascendeu no ano 2010 a 185 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,2% respecto do ano anterior. Dese importe, case 85 millóns de euros corresponden ao programa “Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica”, case 50 millóns de euros ao programa “Investigación Universitaria” e en torno a 50 millóns de euros para o programa de “Fomento da Sociedade de Información e Coñecemento”.

Pola súa parte, o Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial (CDTI) financiou en Galicia no ano 2010 un total de 81 proxectos (38 no ano 2009), cun orzamento de 62,2 millóns de euros, e cunha achega, en forma de créditos sen xuro, de 45,4 millóns de

euros.

Co obxecto de dar impulso ás tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), presentouse en xuño de 2010 a “2014.gal Axenda Dixital de Galicia” como apoio e catalizador dos itinerarios marcados no Plan Estratégico 2010-2014, onde establecéronse sete liñas básicas de actuación, nas que a Xunta de Galicia executou no ano 2010 un orzamento de 182,7 millóns de €.

O comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía é un indicador usual para avaliar o nivel de competitividade internacional dun territorio. O comercio exterior galego deste tipo de produtos pasou dun saldo negativo de 297 millóns de euros no ano 2009 a un positivo de 9,8 millóns de euros no 2010. A pesar de esta positiva evolución o peso relativo do total de importacións e exportación galegas destes produtos segue a ser escaso, algo máis do 1% do total. Por sectores produtivos, case o 45% das exportación galegas de produtos de alta tecnoloxía, e o 31% das importacións, teñen a súa orixe no subsector de produtos químicos, seguido en orden de importancia polo subsector de material electrónico (20% das exportacións e o 26,5% das importacións).

Finalmente, dende o punto de vista funcional, destináronse en 2010 uns 50 millóns de € do orzamento autonómico para a promoción e fomento da Sociedade do Coñecemento. Neste eido, cabe salientar a tendencia ascendente en canto ao equipamento en tecnoloxías de información e comunicación nos fogares galegos de xeito que, no 2010, o 49% dos mesmos xa tiñan acceso á internet (fronte ao 38% do ano anterior). A pesar de este esforzo positivo, Galicia segue sendo a segunda Comunidade Autónoma, tras Estremadura, con menor porcentaxe de vivendas con acceso a internet, lonxe da media estatal do 59%. A porcentaxe de fogares que poden acceder a internet por banda ampla tamén é menor en Galicia que na media do Estado, así como tamén a porcentaxe de empresas galegas que dispoñen de sitio/páxina web (que, en 2010, foi do 59% fronte á media estatal do 64%).

• Infraestruturas

As infraestruturas son outro elemento fundamental para o desenvolvemento rexional. No ano 2010, o inves-

timento real nos ámbitos das infraestruturas en Galicia acadou os 1.125,2 millóns de €, o 51,2% por parte do Ministerio de Fomento e o restante 48,8% presupostados nos orzamentos autonómicos. Así mesmo existe un investimento real en infraestruturas de 529 millóns de euros, por parte de organismos autónomos e de entidades públicas empresariais (ADIF, AENA, Puertos del Estado, RENFE operadora, FEVE, SASEMAR e S. E. de Infraestructuras del Transporte Terrestre)

A maior parte de este esforzo inversor dirixese ao financiamento de infraestruturas de transporte terrestre, principalmente estradas e transporte ferroviario, aínda que en Galicia tamén son relevantes os investimentos en infraestruturas portuarias e hidráulicas.

○ CES considera preocupantes as demoras nas infraestruturas básicas para o transporte terrestre, esenciais para o futuro desenvolvemento socioeconómico de Galicia. Neste eido, tamén entende que é preciso dar un maior pulo á planificación e fomento do transporte ferroviario de mercadorías, tentando desenvolver instalacións en rede que conecten os portos e os polígonos e áreas industriais.

No que atinxe ás estradas, nos últimos anos, o nivel de investimento por habitante en Galicia foi sensiblemente superior á media do conxunto do Estado. Sen embargo, o investimento medio por quilómetro de rede en Galicia segue por debaixo da media.

En 2010, a maior parte do investimento en Galicia por parte de Ministerio de Fomento correspondeu á Dirección General de Infraestructuras Ferroviarias (uns 304 millóns de €, o 53% do total), aos que podemos engadir os 11,7 millóns investidos por ADIF, os 147 mil € de Renfe operadora e os 5,4 millóns por parte de FEVE. Pola súa banda, no ano 2010, o investimento autonómico real en materia de estradas, portos e obras hidráulicas, reduciuse un 8,3% ata acadar os 549,2 millóns de €. De este importe total, 374,5 millóns de € corresponderon á Dirección Xeral de Infraestructuras (un 8% menos que no 2009), 125 millóns de € a obras e servizos hidráulicos (-10% respecto ao ano anterior), 30,1 millóns de € a investimentos en Portos de Galicia (-12,7%), 19,2 á Dirección Xeral de Mobilidade (incremento dun 3,5%), e os restantes 18,9 millóns de € a Augas de Galicia (-30,6%).

En relación ás infraestruturas portuarias en Galicia, no ano 2010 investíronse uns 239 millóns de €, dos que o 87,4% corresponderon aos portos de interese xeral adscritos ao Ministerio de Fomento.

No que atinxe as infraestruturas aeroportuarias pódense salientar os 118 millóns de € investidos en 2010 por AENA nos aeroportos galegos, o que representou duplicar o nivel de investimentos respecto a o ano 2009.

Por último, Galicia segue presentando un elevado déficit de solo industrial e empresarial nas áreas máis dinámicas de Galicia. A pesar dos 41 parques empresariais existentes a finais de 2010, apenas había solo dispoñible, estando paralizadas as obras en dez dos mesmos. ■

